



Concello de
Redondela



REGULAMENTO VI CARREIRA POPULAR INFANTIL CONCELLO DE REDONDELA

O sábado 12 de setembro de 2026 terá lugar no Concello de Redondela a VI edición da Carreira Popular Infantil, organizada polo Concello de Redondela e coa colaboración da Asociación Deportiva C.A.R.

1. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN

- **Carreira Inclusiva (categoría única):** destinada a persoas con diversidade funcional, sen distinción de idade.
- **Pitufos:** nados entre 2021 e 2024.
- **Sub8:** nados entre 2019 e 2020.
- **Sub10:** nados en 2017 e 2018.
- **Sub12:** nados en 2015 e 2016.
- **Sub14:** nados en 2013 e 2014.
- **Sub16:** nados en 2011 e 2012.

2. HORARIO DAS PROBAS E DISTANCIAS

Hora	Categoría	Distancia
18:00	Inclusiva	100 m
18:10	Pitufos	100 m
18:20	Sub 8	300 m
18:35	Sub 10	300 m
18:50	Sub 12	800 m
19:05	Sub 14	800 m
19:20	Sub 16	1.500 m
19:40	Entrega de trofeos	

*Os horarios poderán sufrir pequenas modificacións en función do número de inscritos

3. INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse on line na páxina web de Cronotec.(<https://cronotec.es/>) e pecharán o mércores, día 9 de setembro, ás 20:00 horas.

Non haberá cota de inscrición.

Non haberá control de tempos para as categorías dende a Carreira Inclusiva ata Sub 10, polo que non se xerará lista de resultados finais. As categorías Sub 12, Sub 14 e Sub 16 levarán chip no dorsal.

4. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais poderán recollerse ata media hora antes do inicio de cada carreira nos soportais da Casa Consistorial.

Será obrigatorio participar co dorsal oficial da proba, colocado de forma totalmente visible na parte anterior do corpo.

Non se permitirá participar a ningún atleta que non leve dorsal.

5. SAÍDA DAS PROBAS

Os participantes deberán presentarse na liña de saída 5 minutos antes da súa proba. O acceso á zona de saída limitarase aos participantes e a organización, agás na categoría inclusiva que se autoriza acompañamento dun adulto cando sexa necesario.

A saída de todas as probas estará situada na contorna da Casa do Concello de Redondela.

Os percorridos das distintas categorías están publicados no anexo.

6. PREMIOS E AGASALLOS

Haberá medallas para todos os participantes, incluída a categoría Inclusiva.

Haberá trofeos para os tres primeiros e as tres primeiras das categorías Sub 12, Sub 14 e Sub 16.

Todos/as os/as inscritos gozarán dun avituallamento líquido e sólido ao finalizar o evento.

7. SERVIZOS MÉDICOS

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e seguro de responsabilidade civil.

8. USO DE IMAXES

Durante o evento realizaranse fotografías e vídeos que poderán ser utilizadas e difundidas a través das redes sociais da Asociación Deportiva C.A.R. e do Concello de Redondela coa finalidade de promocionar a proba e o deporte. A inscrición na carreira implica a autorización para o uso destas imaxes para os fins indicados.

9. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Cada participante, ou o seu pai, nai ou titor/a legal no caso de menores de idade, declara baixo a súa responsabilidade que se atopa en condicións físicas óptimas para participar na proba asumindo os riscos inherentes á práctica deportiva e exime á organización de calquera responsabilidade derivada de danos ou lesións ocasionadas por causas alleas á súa actuación.

10. PROTECCIÓN DE DATOS


De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPD), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados unicamente para a xestión das inscricións, a organización e o desenvolvemento da proba, así como, cando corresponda, para a publicación dos resultados.

Os datos non serán cedidos a terceiros, agás nos supostos previstos legalmente ou cando sexa necesario para a correcta organización do evento.


As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, nos termos establecidos pola normativa vixente en materia de protección de datos.

11. ANEXO. PLANOS DOS PERCORRIDOS


11.1 Categorías inclusiva e pitufos. (Saída dende o concello e meta a altura do Kiosco Cocó aprox.)



11.2 Categorias sub8 e sub10 (Saida dende o concello e meta a altura da Mercería Fíos aprox.)



11.3 Categorías sub12 e sub14 (Saída e meta diante da Casa do Concello)



11.4 Categoría sub16 (Saída e meta diante da Casa do Concello)

